

Sendo preciso actualizar o calendario de festas non recuperables, os períodos de semana santa, nadal e o peche de centros consonte o disposto na Disposición Adicional Segunda da resolución reitoral de 4 de marzo de 2020 relativa a Vacacións, Permisos, Licenzas e Xornada do PDI da USC, faise público o calendario para 2026 para o PDI da USC.

CALENDARIO DE FESTAS NON RECUPERABLES; CONCRECIÓN DE DÍAS FESTIVOS E PERÍODOS DE SEMANA SANTA, NADAL E PECHE DE CENTROS ESTABLECIDOS POLA XERENCIA. ANO 2026

(DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA da R.R. do 4 de marzo de 2020 relativa a Vacacións, Permisos, Licenzas e Xornada do PDI da USC)

1.- Calendario de festas non recuperables no Estado e Comunidade Autónoma de Galicia, de ámbito local, e festivos universitarios.

FESTAS NON RECUPERABLES	ESTATAIS E COMUNIDADE AUTÓNOMA	ÁMBITO LOCAL	UNIVERSIDADE
1 de xaneiro	Aninovo		
6 de xaneiro	Reis		
26 de xaneiro			S. Tomé de Aquino
17 de febreiro		Entroido (S) e (L)	
19 de marzo	San Xosé		
2 de abril	Xoves Santo		
3 de abril	Venres Santo		
1 de maio	Día do Traballador		
14 de maio		Ascensión (S)	
24 de xuño	San Xoan		
25 de xullo	Día Nacional de Galicia		
15 de agosto	Asunción da Virxe		
setembro (pte. de establecer)			Apertura Curso
5 de outubro		San Froilán (L)	
12 de outubro	Festa Nacional de España		
8 de decembro	Inmaculada Concepción		
24 de decembro			Noiteboa
25 de decembro	Nadal		
31 de decembro			Fin de ano

2.- Concreción dos festivos que coinciden en fin de semana

Por coincidir en sábado os días **25 de xullo** e o **15 de agosto**, o PDI poderá **gozar dun día máis de asuntos particulares por cada un deles**.

3.- Concreción da semana de festas de ámbito local

Na semana na que se celebran as festas de ámbito local de San Froilán, en Lugo, e a Ascensión, en Santiago de Compostela, o persoal poderá gozar **dun día** garantindo sempre a prestación da docencia.

4.- Concreción dos Períodos de Semana Santa e Nadal

Os periodos de semana Santa e Nadal serán os que figuren no calendario académico aprobado polo Consello de Goberno.



VICERREITORÍA DE PROFESORADO

Colexio de San Xerome • Praza do Obradoiro s/n
15782 Santiago de Compostela
Teléfono.: 881 811 005 • Fax: 881 811 205
Correo electrónico: vr.pdi@usc.es

5.- Concreción do período de peche dos centros

Pedarán os centros docentes no mes de agosto no período que vai desde o día 3 ao 14 de agosto de 2026, ambos inclusive.

6.- Desfrute de permiso por asuntos particulares

O desfrute deste permiso poderá concederese ata o día 31 de xaneiro de 2027.

O profesorado que imparta docencia en máis dun Centro e que non poida gozar do festivo do centro a que está adscrito por ter ese día actividade lectiva noutro dos centros en que imparte docencia poderá gozar dun día máis de asuntos particulares.

O profesorado con docencia en máis dun centro deberá realizar as súas tarefas no centro a que estea adscrito nos días festivos dos demais centros en que imparte docencia.

7.- Desfrute do período de vacacións

Con carácter xeral, o período de vacacións anuais gozarse no mes de agosto sen necesidade de autorización expresa. De xeito excepcional, poderanse autorizar noutro período no que o profesorado non teña asignada docencia, e como máximo ata o día 31 de xaneiro de 2027.

Naqueles casos nos que por razón de Servizo ou de forza maior non puideran ter sido desfrutados, tanto as vacacións como os permisos por asuntos particulares, con anterioridade ao 31 de xaneiro de 2027, poderanse desfrutar ata o 31 de marzo de 2027.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O vicerreitor de Profesorado